

“Estatutos da SOFOR -----”

CAPÍTULO I

Denominación, obxecto, domicilio, duración e capacidade

Artigo 1º.- Denominación

A sociedade denomínase "-----".

Rexerase polos presentes estatutos, e polas disposicións legais vixentes en canto fosen aplicables, ben como principais, ben como supletorias.

Cando os presentes estatutos se refiran o Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, entenderase xenericamente por TRLSC.

Artigo 2º.- Domicilio

O domicilio social fíxase en -----.

O domicilio a efectos de notificacións será: -----

O Órgano de Administración será competente para trasladar o domicilio social sempre que se manteña dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.- Obxecto social

Constitúe o obxecto da sociedade a explotación e aproveitamento en común dos terreos forestais dos cales o uso das parcelas foi cedido á sociedade, mediante unha xestión sustentable e viable dos mesmos, concretada nos aproveitamentos forestais definidos no artigo 6 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes: Aproveitamentos forestais: os madeirables e leñosos, incluída a biomasaforestal, os de cortiza, os de resina, pastos, caza, froitos, fungos, plantas aromáticas e medicinais, produtos apícolas e os demais produtos e servizos con valor de mercado característicos dos montes.

Artigo 4º.- Capacidade, duración e inicio das operacións

A sociedade constitúese por tempo indefinido, dando inicio as súas operacións o día do outorgamento da escritura pública de constitución.

A sociedade terá personalidade xurídica e capacidade de obrar plena para realizar calquer compra, aluguer, aceptación de cesión ou outros negocios xurídicos relativos a

bens mobles ou inmobles, así coma para asinar calquer tipo de contrato que fose necesario para o cumprimento do obxeto social da sofor.

CAPÍTULO II

Capital social e participacións sociais

Artigo 5º.- Capital social

O capital social, integramente subscrito e desembolsado, fíxase na cantidade de ----- € euros, e representátese polas seguintes participacións sociais agrupadas en dúas clases: Clase forestal e clase xeral:

- A *clase forestal*, que identifica aquelas propiedades das persoas socias que cederon os seus dereitos de uso de parcelas forestais á sociedade, está integrada por ---- participacións sociais de ----- euros de valor nominal cada unha delas, numeradas correlativamente do número ---- ao ---, ambos inclusive.
- A *clase xeral*, que identifica ao resto das persoas socias, está integrada por "--" participacións sociais de "--" € euros de valor nominal, numeradas co número -- ao --.

Artigo 6º.- Participacións sociais

As participacións sociais non se representarán en ningún caso por títulos especiais, nominativos ou ao portador, nin se expedirán tampouco resgardos provisionais acreditativos dunha ou varias participacións sociais. A escritura de constitución representa o único título de propiedade das participacións e, nos demais casos de modificación do capital social ou transmisións inter vivos ou mortis causa, serán título de propiedade os documentos públicos que se outorguen con motivo de tales modificacións ou transmisións. As certificacións do Libro Rexistro de Socios/as en ningún caso substituirán ao título de adquisición.

Artigo 7º.- Prestacións accesorias

1. Vincúlase ás participacións sociais que de seguido se relacionan á obriga de realizar polo titular ou titulares das mesmas, por un prazo de vinte e cinco anos, a prestación accesoria consistente en ceder á sociedade os dereitos de uso e explotación das fincas que se detallan:

- Participacións sociais número 1 a --, subscritas por D-----: Cesión de dereitos de uso e explotación, por un prazo de vinte e cinco anos das fincas seguintes: **Descrición detallada de datos identificativos e superficie** .

- Participacións sociais número -- a --, subscritas por D.-----: Cesión de dereitos de uso e explotación, por un prazo de vinte e cinco anos das fincas seguintes: *Descrición detallada de datos identificativos e superficie* .
- Participacións sociais número -- a --, subscritas por D. -----: Cesión de dereitos de uso e explotación, por un prazo de vinte e cinco anos das fincas seguintes: .
- Participacións sociais número --a --, subscritas por D. -----s: Cesión de dereitos de uso e explotación, por un prazo de vinte e cinco anos das fincas seguintes: .
- Participacións sociais número -- a --, subscritas por D-----: Cesión de dereitos de uso e explotación, por un prazo de vinte e cinco anos das fincas seguintes: .
- Participación social número --, subscrita por D-----: Cesión de dereitos de uso e explotación, por un prazo de vinte e cinco anos das fincas seguintes: .
- .
- .
- .
- .

2. Vincúlase ás participacións sociais número -- a -- das así enumeradas e descritas no apartado anterior, as seguintes obrigas:

- Realizar polo titular ou titulares das mesmas, **por un prazo de vinte e cinco anos**, a prestación accesoria consistente en ceder á sociedade os dereitos de uso e explotación das fincas.
 - A prestación accesoria ten carácter retribuído, estipulándose a súa contía nunha retribución económica consistente na seguinte porcentaxe dos aproveitamentos forestais obtidos:**PENDENTE DE FIXAR.**
 Na dita retribución recoñécese implicitamente o dereito económico das persoas socias sobre o valor forestal no voo existente no momento do establecemento da prestación accesoria.
 - A persoa socia deberá permitir a realización daquelas obras, melloras ou constitución de servidumes necesarias para a execución das actuacións derivadas do instrumento de planificación da xestión forestal, sendo que as parcelas que vexan mermada a súa capacidade de produción forestal con motivo das mesmas participarán da retribución económica obtida nas restantes parcelas que conforman a SOFOR.

3. O incumprimento de calquera das obrigas de realizar a prestación accesoria asumida pola persoa socia, aínda cando o mesmo sexa por imprudencia do socio/a, dará lugar á obriga de indemnizar á SOFOR coa cantidade que determine o Órgano de Administración da mesma, a cal incluirá, en todo caso, a valoración dos seguintes perxuizos:

- A perda da produción futura.
- A inversión xa realizada na parcela, tanto en equipamento e infraestructuras coma en traballos forestais de repoboación, limpeza e outros.
- Aqueles outros perxuizos ocasionados á SOFOR, tales coma a perda de subvencións ou axudas, entre outros.

Se a consecuencia do incumprimento a SOFOR perdese a súa natureza poderá o órgano de administración sancionar ó socio con unha indemnización adicional de ata ----- Euros.

Artigo 8º.- Usufruto de participacións sociais

En caso de usufruto de participacións a calidade da persoa socia reside no usufructuario, tendo dereito aos dividendos acordados pola sociedade durante o usufruto e ao exercicio dos demais dereitos do socio/a, salvo outro acordo entre este e o propietario, o cal deberase comunicar á SOFOR.

Artigo 9º.- Comunidade de participacións sociais

Sempre que unha participación social pertenza pro indiviso a varias persoas, estas deberán designar á que vaia exercer os dereitos inherentes a esta participación e responderán solidariamente fronte á sociedade de cantas obrigas se deriven desta condición.

A mesma regra aplicarase aos demais supostos de cotitularidade de dereitos sobre as participacións.

Artigo 10º.- Transmisión de participacións sociais

Os novos adquirentes de participación sociais da SOFOR quedarán subrogados nos mesmos dereitos e obrigas que o transmitente.

A) Transmisión voluntaria por actos inter-vivos.

É libre a transmisión voluntaria de participacións sociais por actos inter-vivos cando teña lugar entre persoas socias. Tamén serán libres as transmisións realizadas por un socio/a a favor do seu cónxuxe, ascendente, descendente ou, no seu caso, a realizada a favor de outros socios ou de sociedades pertencentes ao mesmo grupo que a transmitente, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Á marxe do suposto do parágrafo anterior, a transmisión voluntaria de participacións sociais por actos «inter vivos» rexérase polas seguintes regras:

1. A persoa socia que se propoña transmitir a súa participación ou participacións sociais, deberá comunicalo por escrito ao Órgano de Administración, facendo constar o número e as características das participacións que pretende transmitir, a identidade do adquirente, o prezo e demais condicións da transmisión.

2. A transmisión quedará sometida ao consentimento da sociedade, que se expresará mediante acordo da Xunta Xeral, logo da inclusión do asunto na orde do día, adoptado pola maioría ordinaria establecida polo TRLSC.

3. So se poderá denegar o consentimento se se lle comunica ao transmitinte a identidade dunha ou varias persoas socias ou terceiras que adquiren a totalidade das participacións. Non será necesaria ningunha comunicación ao transmitinte se concorre á Xunta Xeral onde se adoptaron os ditos acordos.

4. As persoas socias concorrentes á Xunta Xeral terán preferencia para a adquisición. Ante calquera transmisión de participacións da clase forestal, terán dereito de adquisición preferente, en primeiro lugar, as persoas socias titulares de participacións de dita clase. Se son varias as persoas concorrentes interesadas en adquirir, distribuiranse as participacións entre todas elas a prorrata da súa participación no capital social.

5. Para o exercicio do dereito de adquisición preferente, o prezo de adquisición das participacións, en caso de desacordo entre transmitinte e adquirente ou adquirentes no seu caso, será o valor razoable das participacións no momento de recepción pola Sociedade da comunicación do partícipe vendedor. O dito valor razoable será determinado aplicando o método recollido no artigo 29 dos presentes estatutos.

6. Se o pagamento da totalidade ou de parte do prezo estivera aprazado no proxecto de transmisión, para a adquisición das participacións será requisito previo que unha entidade de crédito garanta o pagamento do prezo aprazado.

7. Nos casos en que a transmisión proxectada fose a título oneroso distinto da compravenda ou a título gratuito, o prezo de adquisición será o fixado conforme ao procedemento previsto no artigo 107 2.d) do TRLSC.

8. O documento público de transmisión deberá outorgarse no prazo dun mes a contar desde a comunicación pola sociedade da identidade do adquirente ou adquirentes.

9. A persoa socia poderá transmitir as participacións nas condicións comunicadas á sociedade, cando transcorran tres meses desde que tivese posto no seu coñecemento o seu propósito de transmitir sen que a sociedade lle comunicara a identidade do adquirente ou adquirentes.

10. Serán de conta do adquirente a asunción de calquera gasto ou tributo no que incurra a SOFOR por mor da transmisión da titularidade da participación. Naqueles supostos en que o novo socio non atenda aos referidos gastos no prazo en que o órgano de Administración da SOFOR llo requira, este último poderá detraer os importes adebedados daquelas cantidades que lle corresponda percibir ao socio por reparto de beneficios ou coma retribución polas prestacións accesorias. Ás mesmas sumaráselle o interese legal polo tempo de demora.

11. O novo adquirente dunha participación social con prestación accesorias, próximo o vencemento do período de cesión, que non quixese renovar a mesma deberá comunicalo ao órgano de Administración cun ano de antelación e aboar os gastos e perdas derivados de tal acto, segundo dispón o artigo 7.3 dos presentes estatutos.

-

B) Transmisión forzosa

En caso de transmisión forzosa de participacións sociais as persoas socias da mesma clase e, no seu defecto, a Sociedade poderán exercer o dereito de adquisición preferente de tales participacións nos termos previstos no artigo 109 do TRLSC.

C) Transmisións mortis-causa

A adquisición dalgunha participación social por sucesión hereditaria confire á parte herdeira ou legataria a condición de socia, se ben deberá comunicarse á Sociedade a adquisición hereditaria.

As persoas socias sobreviventes terán dereito de adquisición das participacións da persoa falecida, se a parte herdeira ou legataria non fose socia da compañía, ou cónxuxe, descendente, ou ascendente da falecida. O exercicio de este dereito se axustará ao disposto no artigo 110.2 do TRLSC, e a valoración das mesmas, rexerá polo disposto no artigo 353 do TRLSC.

D) Transmisións de participacións sociais vinculadas á realización de prestacións accesorias.

Non obstante ao establecido no apartado precedente, aplicaranse á transmisión de participacións sociais que leven vinculada a obriga de realizar prestacións accesorias a favor da sociedade, as seguintes regras:

- No caso de transmisión forzosa de participacións sociais que leven vinculada a obriga de realizar prestacións accesorias a favor da sociedade, a sociedade terá a facultade preferente de decidir a adquisición das participacións sociais, previo acordo de redución do capital social, para á súa inmediata amortización.

O réxime da transmisión das participacións sociais será o vixente á data en que a persoa socia tivera comunicado á sociedade o seu propósito de transmitir ou, no seu caso, na data de falecemento do socio/a, ou no da adxudicación xudicial ou administrativa. As transmisións de participacións que non se axusten ao disposto no TRLSC ou nos presentes estatutos non producirán efecto algún fronte á Sociedade.

Artigo 11º.- Libro Rexistro de Socios/as

A sociedade levará un Libro Rexistro de Socios/as, no que se fará constar a orixinaria e as sucesivas transmisións voluntarias ou forzosas das participacións sociais.

En cada anotación indícarase a identidade e domicilio do titular da participación así coma a clase de participación da que é titular: «clase forestal» e «clase xeral».

Calquer cambio nos datos persoais das persoas socias deberá ser comunicado ao Órgano de Administración por escrito e mediante calquer medio que permita acreditar

a súa recepción, non producindo, entrementes queden reflectidos no dito Libro, efectos fronte á Sociedade.

Calquera socio/a poderá examinar o Libro Rexistro que estará baixo o coidado e responsabilidade dos administradores/as da sociedade.

Artigo 12º.- Das ampliacións de capital por interese de non socios/as

No caso de que calquera persoa física ou xurídica, que non ostente a condición de socia, manifeste o seu interese por acceder á Sociedade, deberá comunicalo ao Órgano de Administración, especificando o tipo de participación – “xeral” ou “forestal”- que desexa suscribir, por escrito e por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

En caso de que a proposta se considerase interesante para a Sociedade, o Órgano de Administración procederá a determinar o valor da sociedade e o importe do desembolso necesario para alcanzar a dita porcentaxe do capital social.

Entenderase que é unha proposta interesante en todos aqueles supostos nos que os solicitantes sexan titulares de dereitos de uso de parcelas forestais limítrofes ao perímetro da superficie xestionada en común pola sociedade.

O interesado comunicará ao Órgano de Administración a súa conformidade co importe a desembolsar.

O Órgano de Administración dará conta da ampliación de capital a efectuar con carácter previo e por escrito a tódolos socios, decisión que se ratificará pola Xunta Xeral na seguinte assemblea a celebrar.

Aqueles novos socios que se incorporen mediante a suscripción de “participacións forestais” deberán aboar a cantidade que determine o órgano de Administración en concepto de gastos rexistrais, notariais, tributarios ou administrativos e gastos de acondicionamento da superficie forestal para adecuala ao cumprimento das prestacións accesorias a que se obriga.

CAPÍTULO III

Órganos da sociedade

Sección 1ª: Da Xunta Xeral

Artigo 13º.- Disposicións xerais

A vontade das persoas socias, expresada pola maioría, rexerá a vida da Sociedade. A maioría haberá de formarse necesariamente na Xunta Xeral.

Todas as persoas socias, incluso as disidentes e as que non participasen na reunión, quedan sometidas aos acordos da Xunta Xeral, sen prexuízo dos dereitos e accións que o TRLSC lles recoñece.

Artigo 14º.- Competencia da Xunta Xeral

É competencia da Xunta Xeral deliberar e acordar sobre os seguintes asuntos:

- a) A censura da xestión social, a aprobación das Contas Anuais e a aplicación do resultado.
- b) O nomeamento e separación dos administradores, liquidadores, e no seu caso, dos auditores de contas, así como o exercicio da acción social de responsabilidade contra calquera deles.
- c) A autorización aos administradores/as para o exercicio, por conta propia e allea, do mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que constitúe o obxecto social.
- d) A modificación dos estatutos sociais.
- e) O aumento e a redución do capital.
- f) A transformación, fusión e escisión da sociedade.
- g) A disolución da sociedade.
- h) Calquera outros acordos que expresamente reserven o TRLSC ou os presentes estatutos á súa competencia.

Artigo 15º.- Adopción de acordos

Os acordos adoptaranse pola maioría dos votos validamente emitidos, sempre que representen, polo menos, un terzo dos votos correspondentes ás participacións sociais en que estea dividido o capital social. Para estes efectos non se computarán os votos en branco.

Por excepción ao disposto no parágrafo anterior:

- a) O aumento ou redución do capital social, e calquera outra modificación dos estatutos sociais para a que non se esixa maioría cualificada, e a opción por calquera das formas de administración fixada nos estatutos, requirirá o voto favorable de máis da metade dos votos correspondentes ás participacións en que se divide o capital social.
- b) A transformación, fusión ou escisión da sociedade requirirá o voto favorable de, polo menos, 2/3 dos votos correspondentes ás participacións en que se divide o capital social.
- c) O acordo de disolución da sociedade e o acordo de solicitude de baixa no Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal da Xunta de Galicia requirirán o voto favorable de, polo menos, 85% dos votos correspondentes ás participacións en que se divide o capital social.

- d) O cese do Administrador requirirá o voto favorable de polo menos 2/3 dos votos correspondentes ás participacións en que se divide o capital social.

Artigo 16º.- Convocatoria

A Xunta Xeral será convocada polo Órgano de Administración para a súa celebración dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio co fin de censurar a xestión social e aprobar as contas do exercicio anterior.

O Órgano de Administración convocará así mesmo a Xunta Xeral sempre que o considere necesario ou conveniente e, en todo caso, cando o soliciten unha ou varias persoas socias que representen, polo menos, o 25% do capital social, expresando na solicitude os asuntos a tratar na Xunta. A Xunta Xeral deberá ser convocada para a súa celebración dentro dos dous meses seguintes á data en que se tivese solicitado a súa convocatoria, debendo incluírse necesariamente na orde do día os asuntos que tivesen sido obxecto da solicitude.

A Xunta Xeral será convocada polo Órgano de Administración mediante a publicación da convocatoria nos lugares de costume e calquer outro medio que permita a súa recepción e coñecemento fidedigno por parte dos socios no enderezo postal ou electrónico facilitado por éstos.

Entre a convocatoria e a data prevista para a celebración da reunión deberá existir un prazo de, polo menos, quince días. Este prazo computarase a partir da data en que tivese sido remitido o anuncio ao último socio/a.

En todo caso, a convocatoria, asinada polo representante do órgano de Administración, expresará o nome da sociedade, a data, hora e lugar da reunión, así como a orde do día, na que figurarán os asuntos a tratar.

Artigo 17º.- Xunta universal

No obstante ao disposto no artigo anterior, a Xunta Xeral entenderase convocada e quedará validamente constituída, con carácter de universal, para tratar calquera asunto, sempre que estean presentes todos os socios e os asistentes acepten por unanimidade a celebración da Xunta e a orde do día da reunión.

Artigo 18º.- Asistencia e representación

Todas as persoas socias teñen dereito a asistir á Xunta Xeral, podendo ser representados na Xunta por outra persoa, aínda que esta non sexa socia.

A representación deberá conferirse por escrito e realizarse con carácter especial para cada Xunta, comprendendo a totalidade de participacións das que sexa titular a persoa socia representada.

A representación é sempre revogable. A asistencia persoal do representado á Xunta terá valor de revogación.

Artigo 19º.- Mesa da Xunta

A Mesa atoparase presidida por lo Órgano de Administración, e, no seu defecto, os designados, ao comezo da reunión, polos socios/as concorrentes.

Antes de entrar na orde do día, formarase a lista de asistentes, que no caso de Xunta Universal deberán asinar a mesma.

Artigo 20º.- Acta da Xunta

Todos os acordos sociais, deberán constar en acta, a cal incluírá a lista de asistentes e deberá ser aprobada pola propia Xunta ó seu remate.

Sección 2ª: Do Órgano de Administración

Artigo 21º.- Administración e representación da Sociedade

1.- A sociedade será rexida e administrada por un Administrador único, cargo ostentado por unha empresa de servizos forestais con acreditada solvencia e capacitación, sen que sexa necesario que posúa a condición de persoa socia.

A referida empresa de servizos forestais designará unha persoa física que exercerá a representación da mesma dentro do órgano de Administración da SOFOR, tendo a súa soa sinatura plena validez para operar no tráfico xurídico en nome e representación da SOFOR, executando para elo as facultades que lle confire o art. 22 destes Estatutos. A representación da persoa física designada pola empresa de servizos forestais será revocable en calquer momento, debendo nese intre nomearse a aquel que o fora substituír.

2.- Non poderán ser administradores/as os que se achen incurso en causa legal de incapacidade ou incompatibilidade.

3.- O Administrador único ostentará o seu cargo por un período de 5 anos, podendo ser reelixido unha ou máis veces por períodos de igual duración.

4.- O exercicio de Administrador será con carácter gratuíto, podendo a Xunta Xeral fixar dietas e/ou compensacións por gastos de asistencia a reunións e outros en que incorran os administradores/as.

5.- O órgano de administración da empresa nomeada coma Administrador único da SOFOR deberase reunir un mínimo de dúas veces ao ano, podendo calquera conselleiro conferir, por escrito, a súa representación a outro conselleiro con carácter expreso para a reunión de que se trate.

Artigo 22.- Facultades do Administrador.

O Administrador poderá facer e levar a cabo canto estea comprendido dentro do obxecto social, así como exercitar cantas facultades non estean expresamente reservadas polo TRLSC ou por estes estatutos á Xunta Xeral. A modo meramente enunciativo, e sen que a enumeración poida considerarse como limitativa, corresponden ao Administrador as seguintes facultades e todo canto con elas estea relacionado, amplamente e sen limitación algunha:

- Dirixir a organización da Sociedade e os seus negocios, nomeando e separando empregados e representantes; outorgar e rescindir contratos de compra, venda, aluguer ou traspaso de locais de negocio; outorgar e asinar toda clase de documentos públicos e privados; retirar e cobrar calquera cantidade ou fondos de calquera organismo público ou privado, asinando para o efecto, cartas de pagamento, recibos, facturas e libramentos.
- Abrir, cancelar e administrar contas e depósitos bancarios de calquera tipo en calquera clase de entidade de crédito e aforro, bancos, institutos e organismos oficiais, tanto españois coma extranxeiros, así coma dispoñer dos seus importes tanto en efectivo coma mediante calquer outro tipo de transacción bancaria permitidas pola lexislación e práctica bancarias; tomar diñeiro a préstamo ou crédito, recoñecer débedas e créditos e avalar e afianzar a terceiras persoas tanto físicas como xurídicas; xirar, aceptar, endosar, intervir e protestar letras de cambio e outros documentos de xiro; contratar a adquisición de accións, valores ou calquer outro produto bancario de inversión ou aforro; realizar cantos outros negocios bancarios sexan necesarios ou convintes para o funcionamento e intereses da SOFOR.
- Outorgar toda clase de actos, contratos ou negocios xurídicos, cos pactos, cláusulas e condicións que estime oportuno establecer; adquirir, gravar e allear por calquera título e, en xeral, realizar calquera operación sobre accións, participacións, obrigas ou outros títulos valores, así como realizar actos dos que resulte a participación noutras sociedades, ben concorrendo á súa constitución ou subscribindo accións ou participacións en aumentos de capital ou outras emisións de títulos valores.

- Comprar, dispoñer, allear, gravar toda clase de bens, mobles e inmobles, e constituír, aceptar, modificar e extinguir toda clase de dereitos persoais e reais, incluso hipotecas; administrar bens mobles e inmobles; facer declaracións de edificación e plantación, deslinde, amolloamento, división materiais, modificacións hipotecarias, concertar, modificar e extinguir arrendamentos, e calquera outras sesións de uso e desfrute.
- Comparecer ante toda clase de xulgados e tribunais de calquera xurisdición, e ante toda clase de organismos públicos, en calquera concepto, e en toda clase de xuízos e procedementos; interpoñer calquer tipo de accións e recursos xudiciais, así coma o persoamento e defensa naqueles outros interpostos por terceiros fronte á SOFOR ou a intereses contrarios á SOFOR; ratificar escritos, desistir das actuacións xudiciais ou transixir nas mesmas; outorgar poder de representación en nome da SOFOR a avogados e procuradores; iniciar, manter ou desistir ante calquer Administración cantos procedementos administrativos de solicitude ou impugnación se estimen de interese para a SOFOR, incluídos a solicitude subvencións ou outras axudas públicas; solicitar, comparecer, transixir e pactar arbitraxes; tomar parte en concursos e poxas, facer propostas e aceptar adxudicacións.
- Conceder, modificar e revogar toda clase de apoderamentos.

CAPÍTULO IV

Réxime de regulación da superficie forestal

Artigo 23º.- Réxime de obras, melloras e servidumes

Para o exercicio do seu obxecto social, é requisito que a Sociedade dispoña dun Instrumento de Planificación da Xestión Forestal, quedando vinculados polo mesmo tódolos socios, que non poderán opoñerse á realización das obras, melloras ou constituicións de servidumes.

CAPÍTULO V

Separación e exclusión de socios/as

Artigo 24º.- Separación

1. As persoas socias que non tivesen votado a favor do correspondente acordo social, terán dereito a separarse da sociedade nos seguintes casos:

- a) Substitución do obxecto social.
- b) Traslado do domicilio social ao estranxeiro, cando exista un Convenio Internacional vixente en España que o permita con mantemento da mesma personalidade xurídica da sociedade.

- c) Modificacións do réxime de transmisións das participacións sociais.
- d) Reactividade da sociedade.
- e) Transformación en sociedade anónima, sociedade civil, cooperativa, colectiva ou comanditaria, simple ou por accións, así como en agrupación de interese económico.
- f) Creación, modificación ou extinción anticipada das prestacións accesorias establecidas no artigo 7º dos estatutos sociais, só no caso de que estas estean vinculadas a participacións sociais da súa propiedade.

2.O dereito de separación poderá exercitarse en tanto non transcorra un mes contado desde a publicación do acordo ou desde a recepción da comunicación, na forma prevista no artigo 348 e seguintes do TRLSC.

3.Nos supostos de separación a valoración das participacións realizarase conforme ao disposto no artigo 29 dos presentes estatutos.

Artigo 25º.- Exclusión

A sociedade poderá excluír ao socio/a nos seguintes supostos:

- a) Polas causas legais expresamente previstas no art. 350 do RD Lexislativo 1/2010 que aproba o TRLSC ou por aquelas outras contidas no seu articulado.
- b) Polo incumprimento voluntario da obriga de realización das prestacións accesorias establecidas no artigo 7º dos presentes Estatutos, aínda cando o mesmo sexa por imprudencia da persoa socia.
- c) Por incumprimento da obrigación exposta no artigo 23 destes estatutos, de aceptar o réxime de obras, melloras e servidumes que poidan afectar ás parcelas forestais cuxo uso cedese á Sociedade.
- d) Por encontrarse a persoa socia en causa de concurso de acredores ou execución do seu patrimonio.

Apreciada a posible concorrencia dunha causa de exclusión, o Administrador poñerá en coñecemento da persoa socia afectada e, á vista das súas alegacións, o Órgano de Administración, decidirá se se segue apreciando causa de exclusión, e en caso afirmativo, procederá á convocatoria de Xunta Xeral para que a mesma decida sobre a súa exclusión.

Nos supostos de exclusión a) e b) aquel socio excluído deberá indemnizar á SOFOR nos termos establecidos no artigo 7.3 destes Estatutos.

CAPÍTULO VI

Exercicio social e contas Anuais

Artigo 26º.- Exercicio social

O exercicio social comezará o día 1 de xaneiro e rematará o 31 de decembro de cada ano. Por excepción, o primeiro exercicio iniciárase o día do asinamento da escritura de constitución e concluírá o día 31 de decembro dese ano.

Artigo 27º.- Contas anuais

O Administrador deberá formular, no prazo máximo de seis meses, contados a partir do peche do exercicio social, as contas anuais.

Artigo 28.- Dereito de información dos socios/as

A partir da convocatoria da Xunta Xeral, calquera socio/a poderá consultar ou obter da Sociedade, de forma inmediata e previo abono do seu custo, os documentos que deban ser sometidos á súa aprobación.

Artigo 29º.- Valoración das participacións sociais

O método obxectivo de valoración a aplicar para determinar o valor razoable das participacións sociais, consistirá na aplicación do método de cálculo do “valor en uso”, tal e como ven definido polo Plan Xeral de Contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

Se pese ao indicado no parágrafo anterior, non se alcanzase un acordo entre a persoa socia e a Sociedade, sobre o valor razoable das participacións sociais ou sobre a persoa ou persoas que deban valoralas e o procedemento a seguir para a súa valoración, procederase conforme ao disposto polo artigo 353 do TRLSC, é dicir, serán valoradas por un auditor de contas distinto ao da sociedade, designado polo rexistrador mercantil do domicilio social a solicitude da sociedade ou de calquera dos socios titulares das participacións obxecto de valoración.

Artigo 30º.- Aplicación de resultados.

En caso de obtención de resultados positivos no exercicio anual, unha vez cuberta a dotación para reserva legal, compensación de perdas e demais atencións legalmente establecidas, destinarase á distribución de dividendos unha porcentaxe mínima do 10 % do resultado restante.

A distribución de dividendos ás persoas socias, realizarase en proporción as súas respectivas participacións sociais.

CAPÍTULO VII

Disolución e liquidación da Sociedade

Artigo 31º.- Causas de disolución da Sociedade

A Sociedade disolverase por acordo das persoas socias en Xunta Xeral, sendo precisa a maioría cualificada do 85% dos votos atribuídos ás participacións sociais, ou por calquera das demais causas que establece o TRLSC.

Ademais do exposto no parágrafo anterior, establécese como causa de disolución obrigatoria a perda da cualificación de «Sociedade de Fomento Forestal» que obtivera a Sociedade ao abeiro do disposto polo Decreto 45/2011, do 10 de marzo (DOG nº 58, do 23 de marzo de 2011).

Neste suposto, os administradores/as deberán convocar a Xunta Xeral no prazo de dous meses para que adopte o acordo de disolución. Se a Xunta Xeral no fose convocada ou no adoptara o acordo de disolución, calquera socio/a ou persoa interesada poderá instar a disolución da Sociedade ante o Xuíz de Primeira Instancia do domicilio social.

Artigo 32º.- Órgano de liquidación

A disolución da sociedade abre o período de liquidación. No momento de adopción pola Xunta Xeral do acordo de liquidación, esta procederá de común acordo coa Dirección Xeral competente en materia de montes, ao nomeamento de liquidadores.

O poder de representación da sociedade corresponderá aos liquidadores, na mesma forma prevista para o órgano de administración.

Artigo 33º.- Operacións de liquidación

Unha vez satisfeitos todos os acredores ou consignado o importe dos seus créditos nunha entidade de crédito do termo municipal en que radique o domicilio social, o activo resultante repartirase entre os socios/as con participacións de *clase xeral*.

CAPÍTULO VIII

Da mediación e a Arbitraje

Artigo 34º.- Mediación e arbitraje

Todas as cuestións que xurdan na interpretación e aplicación dos estatutos, discrepancias, reclamacións e controversias nas relación entre a Sociedade e as persoas socias, e entre estas pola súa condición de tales, incluídas as relativas á separación, exclusión e determinación da cota de liquidación, resolveranse, en primeiro lugar, por acordo entre os correspondentes partícipes.

No caso de que ditos partícipes non sexan capaces de chegar a un acordo para resolver as súas discrepancias, someteranse a unha arbitrase de equidade, xulgando un árbitro nomeado polas partes e no seu defecto, pola Dirección Xeral competente en materia de montes.

O laudo será vinculante, e executable ante calquera Tribunal de Xustiza.